

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

*EXTRACTO da Orde do 19 de xuño de 2018 pola que se modifica a Orde do 19 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases polas cales se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta Benvida, para as familias con fillas e fillos nadas/os no ano 2018 e se procede á súa convocatoria.*

BDNS (Identif.): 377105.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da orde cuxo texto completo se pode consultar na Base nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Obxecto*

Esta orde amplía os supostos de aplicación da Orde do 19 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases polas cales se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta Benvida, para as familias con fillas e fillos nadas/os no ano 2018 e se procede á súa convocatoria.

Segundo. *Persoas beneficiarias*

Ao abeiro da modificación inclúense entre os beneficiarios as persoas que teñan constituída unha adopción ou estean declaradas en situación de garda con fins adoptivos dun ou máis nenos/as entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 19 de xuño de 2018 pola que se modifica a Orde do 19 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases polas cales se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta Benvida, para as familias con fillas e fillos nadas/os no ano 2018 e se procede á súa convocatoria.

Cuarto. *Contía da axuda*

Ao abeiro da modificación, a contía total da axuda que, con carácter xeral, ascende a 1.200 euros por cada neno/a durante un ano a razón de 100 euros mes farase efectiva para os devanditos beneficiarios:



No ano 2018: un único pagamento coa contía que corresponda en función do mes en que se dite a resolución de adopción ou garda con fins adoptivos e ata o mes de decembro, incluído.

No ano 2019: un único pagamento coa contía que corresponda desde xaneiro e ata o mes anterior a que se cumpra un ano desde que se dite a correspondente resolución de adopción ou garda con fins adoptivos.

En relación cos casos de ampliación, a estes beneficiarios computaráselles ata que se cumpran tres anos desde que se dite a correspondente resolución de adopción ou garda con fins adoptivos.

Quinto. *Prazo presentación de solicitudes*

Ábrese un novo prazo de presentación de solicitudes para as persoas que na anualidade de 2018 e con carácter previo á entrada en vigor desta orde constituísen unha adopción ou fosen declaradas en situación de garda con fins adoptivos dun ou máis nenos/as nados/as con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2018. Estas persoas dispoñerán dun prazo de dous meses desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* para presentar a solicitude de axuda.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018

José Manuel Rey Varela  
Conselleiro de Política Social

